

Facer cine en Galicia

CHANO PIÑEIRO



Chano Piñeiro na rodaxe de *Sempre Xonxa*, 1989. © Enrique Touriño

Facer cine en Galicia e posible. Facer cine en galego e necesario. Non vou dicir nada novo para ninguén se afirmo que hoxe en día estamos a vivir nunha cultura de imaxes. Todo se merca, todo se vende, todo se explica, todo se espalla por medio da imaxe. O poder que ten e marabilloso o mesmo tempo que perigoso. Lava as conciencias ou os cerebros, lava moita roupa sucia.

Calquera cultura que queira sobrevivir precisa do cine. Como precisou do idioma escrito a literatura galega. A cultura da que eu falo e a que ten as súas raíces na noite dos tempos. Eses refrans, cantigas, lendas e tradicións que seculo tras seculo foron pasando de pais a fillos, sobre todo de nais a fillas. De boca a boca sen lingua escrita. Nos somos, queiramolo ou non, o resultado de todos estes costumes que fan de Galicia un pobo diferente e universal. E atrevome a dicir que somos uns ignorantes que desprezamos e desconecemos a nosa inmensa

riqueza que día a día estamos deixando morrer ou destruír.

Non me plantexo o cine como unha expresión estética so. Para min tamen e darlle voz, desde a mina insignificante posición, a mina xente. A xente das nosas aldeas das que ninguén coida, das que ninguén fai caso. Son uns marxinaídos pola cegueira do "progreso". A súa fala e de xente ignorante, a súa cultura de xente inculta, o seu traballo so serve cando trae divisas... unha raza a extinguír. Eu son un aldeán, para ben ou para mal.

Ben, creo que me arredro do tema que me trae a estas páxinas: a infraestrutura, os medios que temos para facer cine en Galicia. Pouco se pode falar de algo que non existe. Materialmente non hai nada. E loxico. Non se pode por unha carnicería nunha cidade de vexetarianos. Non pode haber operadores, axudantes de dirección, eléctricos, etc, nun país onde non se fai cine. Temos o que merecemos. O cine e antes de nada

unha industria. Maiormente pouca diferenza hai entre os técnicos de cine profesional, por exemplo americano, e os empregados dunha fábrica de chourizos. O caso é facer bos chourizos e que os demais os coman.

Para xente coma min, que fai cine porque quere, porque lle peta, tan importante como a profesionalidade dun equipo e cando o cine comeza a ser unha arte. Xa na rodaxe se respira a actividade creativa comun, inda que arredor estean os cartos e a técnica.

Pero hai algo que temos para comezar a facer cine en Galicia: vontade. Hai que ser testudos e teimar por realizar as nosas ilusións. De momento, velai temos o concurso para rodar oito curtametraxes subvencionadas pola Xunta. A vontade para facer cine dalle paso a esperanza cando contamos cun apoio económico, inda que non sexa moi grande. Foi así como empezamos nos. quen nos ía dicir hai un ano que *Mamasunción* ía chegar a Australia, a Francia, a Rusia, a Polonia, a Cuba, a Inglaterra, a Alemaña, etc. Botaríamonos a rir. Sen embargo, aí estamos. Escoitando falar galego nas pantallas de cine do mundo, dicindo dalgún xeito "Aquí estamos nos". Cando estiven nalgún destes países tina que debuxarlles un mapa nun papelino para dicirlles onde estaba Galicia. Agora xa o van sabendo. Espero que o poidan saber mais e mellor. Porque o cine chega ala onde moitas veces non deu chegado outro campo da cultura. Non quero comparar o noso cine coa nosa literatura ou pintura ou música porque, indiscutiblemente, sería pola mina banda unha solemne pedantería. Falo so da realidade do feito cinematográfico, do seu inmenso poder de penetración, da súa infinita capacidade para a difusión da nosa cultura.

Eu persoalmente contei cunha infraestrutura baseada, por unha banda, nos amigos que fixeramos anteriormente algun traballo en super-8, e por outra banda nun elemental equipo profesional que trouxen de fora de Galicia (operador, axudante de dirección, produción e eléctrico). A experiencia que colleramos no formato afeccionado foi básica. O son foi realizado totalmente por nos. Cuns medios moi precarios fixemos toda a banda sonora: diálogos, gravación da música orixinal, e mesmo moitos efectos especiais. Pablo Barreiro é o responsable deste traballo, que penso que é dunha calidade mesmo superior a moitos estudos profesionais que poida haber en España ou no estranxeiro.

Facer a montaxe require, polo menos, dunha moviola e dun montador que leve a cabo o traballo. En Galicia eu non sei de ningunha moviola de 35 milímetros, nin de ningún montador profesional que domine a técnica da narrativa cinematográfica. A importancia da montaxe é definitiva.

Precisase unha gran compenetración entre o director e mailo montador. Tanto para a montaxe do son como da imaxe.

A posibilidade de gravar nun estudio de son xa é unha realidade en Galicia. Eu desconexo as instalacións, pero polo menos xa sabemos que esta aí.

Todo o material para a realización da película ten que vir de fora, fundamentalmente de Madrid. Alí alugase por semana todo o que faga falla. Ter ese material aquí en Galicia, centos de miles de pesetas, non é posible polo de agora. Poderíase pensar que a Xunta de Galicia dispuxese deste material, pero eu coído que as cousas que son de todos, ou de ningún, acaban escangallándose axina. Ademais, a súa amortización levaría moito tempo. De momento, penso que é mellor axudar con subvencións a xente que quere facer cine. Con eses cartos poderíase alugar o equipo axeitado. A medida que se faga cine, faranse necesarias e viables as cousas. O camiño faise andando.

A distribución do cine galego en salas comerciais pode ser posible sempre e cando a curtametraxe non dure máis de doce minutos. Este non é o noso caso. Co que paga o exhibidor comercial, e restando o que se queda a distribuidora, non dá nin para pagarlle uns cafés o equipo de rodaxe. É imposible amortizar un corto por medio dos países no círculo comercial. Pero hai un círculo paralelo que é máis interesante. No meu caso, teno que agradecer a Federación de Cineclubes de Galicia o ser os primeiros en botarnos unha man. Eles, "tolos polo cine", son xente que nos está apoiando cos seus cartos, exhibindo as películas por toda Galicia, mercando unha copia para o seu propio arquivo, etc. Así é como se pode salvar o cine.

O cine galego ten que chegar os colexios e institutos. *Mamasunción* xa foi vista por varios colexios. Foi unha experiencia marabillosa, pois os nenos e mozos non lle regalan un aplauso a ningún, nin un silencio. E de entre eses nenos poden saír no futuro directores, operadores, actores, etc, que fagan posible o futuro do cine galego.

As caixas de aforros, as asociacións culturais, as comisións de festas, os Concellos, que manexan entre todos centos de millóns de pesetas, poden facer posible o espallamento do noso cine. Esta é a única posibilidade que temos para poder seguir vendo cine en galego.

Pero hai unha realidade dura: non so hai que facer cine bo, tamen hai que vendelo. E ás veces custa máis vendelo que facelo ■